

# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº16 / Ano: 2020 / 1º xornal Mes de outubro/ Estado de menos sentidiño



## AFUNDIMENTO DO SAPILO

Pola Voz de Galicia, edición da Mariña, decatámonos que o <Sapilo>, barco que fora construído en Bueu, que pertenceu a unha familia da Illa de Ons e que fora vendido para Burela no ano 2012, afundiábase nas proximidades de Foz o pasado día 20 de setembro.

O <Sapilo> era un barco dos de madeira de entre 11 e 14 metros, e que representan a última xeración de barcos destas características de armadores da Illa de Ons como son, entre outros, o <Xa me Vedes>, o <Mar de Ons>, o <Rosa dos Ventos>, o “Novo Invidioso”,... Agora a madeira desapareceu ou está a piques de facelo, os barcos constrúense de poliéster e, serán mellores para faenar, pero mariñeiros como os de madeira, non son. **Páx. 2**

## O SALGADOIRO DAS SUXESTIÓNS

É unha nova sección que inauguramos neste número onde reflectiremos as opinións dos lectores sobre algún tema tratado en Onstopus e que consideramos de interese a súa publicación. **Páx 5**



## ONS NA MEMORIA

Neste número, traemos unha fotografía que nos mostra os dous símbolos que engrandeceron a economía illán: o Piorno e a Dorna.

**Páx 3**



## CONTOS DE TABERNA

Pepe da Illa vén de Bueu despois de ir cortar o pelo. Cando entra na taberna, os da mesa da partida búrlanse do peiteado que traía e de aí xurde unha conversa sobre o perruqueiro que había en Ons e contan unha anécdota del. **Páx 3**



## ONS ARQUEOLÓXICA

Hoxe traemos a esta sección unha construción da que din é un Muño de Auga, pero non obstante os veciños non teñen clara a súa existencia e parece difícil o seu funcionamento como tal. Será algunha edificación pertencente á batería que pretenderon levantar no 1810? Os especialistas teñen outro campo de investigación. **Páx. 1**

## XORNAL “PROGRESO” de 4 de abril de 1933

### OS COLONOS DE ONS PIDEN TERRAS

No ano 1933, un grupo de veciños de Ons xunto co mestre Joaquín Fernández Cambeiro, visitan ao Gobernador Civil de Pontevedra para expoñerlle os seus problemas. Entre eles estaban o poder acceder ás terras que traballan ao cal está de acordo o seu actual dono sempre e cando se lle pague o seu xusto prezo; pero ademais, estamos a falar do ano 1933, tamén presentan as mesmas reivindicacións que, aínda hoxe en día, están a pedir, asistencia sanitaria e a mellora do peirao, entre outras. **Páx. 4**



## ONS ARQUEOLÓXICA

### “MUÍÑO DE AUGA?”

Vai xa para 35 anos, cando a Consellería de Agricultura, como administradora da Illa, inicia unha repoboación con árbores autóctonas por zonas. Unha das elixidas é a valgada que vai entre a fonte do Castelo e o mar. Alí plantaron varias especies de árbores e, na preparación da zona, apareceu o que coidabamos era un muro cun pequeno buraco na súa parte baixa. Aínda que na repoboación estaban traballando un bo número de veciños illáns, ninguén fixo comentario algún sobre ese “muro”; sen embargo, 25 anos despois, cando deron unha boa limpeza a esa zona e descubriron o que, din, son os restos dun “Muíño de Auga”, chamou moito a atención, pois, de ser un muíño de auga, a súa importancia debería ser coñecida perfectamente polos veciños que alí estaban a traballar e, sen embargo, ningún comentario ao respecto fixeron daquela.

Dende logo, podemos dicir, que a fasquía parece dun muíño, pero, de selo, debeu facerse e funcionar hai máis de 100 anos e non volver a usarse, xa que, falando con Benito Patiño (hoxe con 88 anos) que naceu a viviu a menos de 100 metros del, recorda as pedras e di, que podería ser un muíño, pero non o afirma con rotundidade, o que nos fai pensar que el non o viu como tal e, que os seus pais tampouco, senón escoitaría falar del na casa.

Dende logo ten o xeito de selo, posúe un sitio de saída da auga ao exterior onde se atoparía o *rodicio*, ten unha especie de buraco dentro, por onde podemos supoñer que caería a auga que movería o rodicio. Con todo, no teito da parte onde se atoparía o rodicio, debería estar o oco por onde entre o *touzo* e que vai dar á *pedra da moa* facéndoa xirar, pero non se aprecia. Na superficie debería existir un conduto por onde a auga circularía cara ao muíño, e o *arrieiro* por onde caería con forza para mover o rodicio, pero tampouco se ve.

Á vez, teríamos que pensar que, para facer mover o rodicio fai falla unha boa forza de auga, cousa que pensamos sería moi difícil co caudal desa fonte, agás que fixeran un pequeno embalse que se iría enchendo e que abrirían no intre de necesitarse, pero tampouco recordan os veciños a existencia dun embalse.

Estamos logo ante un resto arqueolóxico que necesita, como todos dos que vimos falando nesta sección, dun estudo feito por especialistas para coñecer con seguridade a que posible edificación pertencen eses restos, que tamén, debido á proximidade da Batería que se comezou a construír no 1810, podemos pensar que fóra algún tipo de construción que tivera que ver con esa fortificación.



#### Fotos da esquerda:

**Arriba:** O posible muíño coa porta de saída de auga onde estaría o rodicio.

**Medio:** Vemos o muíño (círculo) e outras posibles construcións ao seu carón (rectángulo).

**Abaixo:** O muíño dende outra perspectiva.

#### Fotos abaixo:

**Esquerda:** Operarios de Parques que descubriron o muíño. (Foto: Luís. Garda forestal)

**Dereita:** Pezas atopadas dentro do oco do muíño. Pertencerán ao rodicio? (Foto: Luís. Garda Forestal)

**Benito Patiño, illán de 88 anos que naceu e viviu a carón desa construción e que non recorda a forma de muíño.**

**Pocos barcos salieron en Bueu y**  
**en Ons el viento era «coma un ciclón»**

El puerto de Bueu parecía un desierto ayer a las cinco de la tarde, hora habitual de la subasta de pescado y pulpo de esta localidad. Solo seis de sus setenta barcos se atrevieron a desafiar las punzantes rachas de un viento gélido que también dejó sin paseantes el frente marítimo de la villa pesquera. Salvador Piñeiro, patrón del **Sapilo**, fue uno de los pocos que se atrevió a retar a un temporal siberiano, que ha puesto en jaque a gran parte de Europa.

Su barco, con tres tripulantes a bordo, salió a trabajar a las seis y media de la mañana a la boca de la ría y el entorno de Ons. Si el frío rompía los termómetros en Bueu, en las islas atlánticas la sensación aún fue peor. «En Ons pegaba un norte moi fresco e a sensación era de frío, de moito frío», señalaba.

El intenso frío hizo difícil el trabajo en el mar. Para calentarse al principio de la jornada laboral no hay muchas opciones. «Para quentarte un pouco tes que bater as mans seguido», explicó Piñeiro. Es la única solución mientras se entra en calor según pasan las horas y la brisa de la madrugada queda atrás. Este viernes, sin embargo, el viento no dio tregua y la sensación del frío «córtache por todos os lados e nin a roupa de augas sirve».

El **Sapilo** regresó a las dos y media de la tarde con 47 kilos de pulpo a bordo. A la escasez de estos últimos meses, se le suma el factor climático, que pudo alejar a los cefalópodos. En la breve subasta celebrada en la lonja buenense consiguió un buen precio, similar al de otros días de este mes. Al menos logró que la jornada cundiese.

Por su parte, en Ons se encontraban unas catorce personas, entre vecinos y personal del Parque Nacional. Uno de los isleños, Manuel Otero, recordó que ayer por la noche se mantuvieron en sus casas alrededor de las estufas de leña o de las eléctricas, según el caso. El día fue tranquilo comparado con la dureza de la madrugada de ayer. «Agora [viernes por la tarde] o vento moderou un pouco, pero pola noite era como un ciclón, non se paraba fora», sentenció. Ningún pesquero atracó en el muelle durante la noche.

## O <SAPILO>

Era un barco de madeira construído no estaleiro de Purro en Bueu. O seu armador e patrón era Salvador Piñeiro López da Illa de Ons, da familia dos Muriñas.

O <Sapilo> xunto co <Xa me Vedes>, <Rosa do Ventos>,...,<Platuxa> son dos últimos barcos de aprox. 11 metros de eslora, construídos en madeira e de veciños de Ons para traballar á nasa do polbo na Illa. Despois, eses magníficos barcos, foron substituídos por outros de poliéster, perdéndose a tradición da madeira e o afundimento de moitos carpinteiros de ribeira.

O <Sapilo> foi construído polo ano 1995 e foi vendido para Burela no ano 2012. O seu nome ven da iniciais de Salvador SA – Piñeiro PI – López LO. **SA PILO**.

Estando en Bueu, participou activamente no traballo do Grupo de Estudos do Medio Mariño GEMM, titulado “*La pesca del pulpo común con nasas en la costa gallega (1999-2004)*”.

Despois da súa venda, Salvador seguiu traballando ao polbo como socio de Turo de Checho no seu barco e posteriormente embarcou para traballar en barcos de altura.

Nestas datas 20/09/2020 acabamos de recibir a nova de que o <Sapilo> afundiou na costa de Foz, podendo salvar toda a tripulación. Non sabemos se será reflatado, pois de non facelo, aquí remata a historia dun dos últimos barcos de madeira construído por veciños de Ons para traballar nesa Illa.



**Foto arriba esquerda:** O <Sapilo> no peirao de Ons.

**Foto arriba dereita:** O <Sapilo> en Burela (Foto Voz de Galicia)


**Fotos abaixo dereita:** O <Sapilo> afundido en Foz (Foto Voz de Galicia)

## ONS NA MEMORIA

Traemos aquí esta foto onde están representados os dous símbolos da economía illán deste último poboamento. O piorno -a agricultura e a dorna -a pesca.

Fai douscentos dez anos que chegaron os antepasados dos hoxe veciños de Ons. Viñeron como man de obra para construír unhas baterías de defensa, pero estas non chegaron a realizarse e quedaron na Illa de alugueiro para traballar as fértiles terras illáns. Esta Comunidade, como agricultora durou arredor de 110 anos, ata 1920. Logo, aínda que xa comezaran a facer os seus tenteos no mar a partires da creación dunha salga na Illa arredor do 1837, vai ser con Manuel Riobó e, principalmente, co seu fillo Didio, cando cambia a unha economía pesqueira dominante cunha agricultura de autoconsumo.

Aínda que a foto é relativamente recente, anos 90 s.XX, temos que dicir que actualmente destes dous símbolos importantísimos da economía illán, as dornas desapareceron por completo, quedando só a do gran Cesáreo, e os piornos, que pasaron por un mal momento de deterioro, deberían ter máis apoio institucional para a súa conservación como elemento etnográfico galego, xa que aínda hai moitos nun estado deplorable en Ons e que poderían ser reconstruídos con facilidade antes da súa destrución total e con eles, unha parte interesantísima do Patrimonio Etnográfico Material de Ons.



## CONTOS DE TABERNA

### O PERRUQUEIRO

Acababa de chegar o barco de Bueu. Pepe da Illa meteuse na taberna todo peiteadiño e co pelo curto. Cando entrou, os da mesa da partida mirárono e comezaron a meterse con el polo peiteado tan moderno que traía. Sen inmutarse, sentouse canda eles e comentou que había que andar á moda que non estamos nos tempos de Reboredo (O perruqueiro da Illa, que cortaba o pelo e afeitaba a todos os illáns).

Ao falar de Reboredo, comezaron a contar anécdotas. Entre elas, tocaron a de Arturo, que un día, despois de levantarse cedo para ir ás luras, pasarse todo o día intentando pescar sen dar con elas e que xusto cando decidira volver, comezaron a entrar no Puntal da Porta, ao sur da Illa. Despois de coller unha boa caldeirada, acordou vir e entre volver vogando, subir a dorna e limpala un pouco, déronlle case as 2 da tarde.

Era sábado e, pola noite, había foliada en Curro. Deuse conta que tiña necesidade de ir cortar o pelo. Xa non era unha hora adecuada, pero intentouno. Chamou á porta da casa de Reboredo e explicoulle o que lle pasara e que necesitaba cortar o pelo senón á noite non ía nin botar un baile. Reboredo, nun principio, díxolle que non, pero ao ofrecerlle Arturo, aparte das 7 ptas. que cobraba, tamén unhas luras, accedeu.


Púxolle fóra unha cadeira e sentouse. Tan pronto comezou a cortarlle o pelo, Arturo foi quedando medio durmido, froito do cansazo, por ese formigo que sentía na cabeza e tamén pola fame.

Ao rematar, e cando o perruqueiro ía a peitealo, preguntoulle:

- Turo, como queres a raia?

Arturo, escoitou entre sonos e espetoulle:

- *Con patacas!!! Carallo!!!*



O Sr. Reboredo cortando o pelo a un illán.

Foto: Staffan Mörling, 1966

# LOS COLONOS DE ONS

## - *Peticiones justísimas* -

Ayer estuvo en esta capital una numerosa comisión de vecinos de la Isla de Ons presidida por el culto maestro nacional de la misma D. Joaquín F. Cambeiro. El objeto que les llevó a Pontevedra fué visitar al gobernador civil de la provincia que no pudo prestarles toda la atención que hubieran deseado por tener que salir en aquel momento en automóvil que le estaba esperando. No obstante el oyó con cariño la exposición que el señor Fernández Cambeiro le hizo de los deseos de la comisión y ofreció apoyarlas con el interés más vivo.

Están planteados en la isla de Ons varios problemas a cuya solución está consagrando los mayores cuidados la República desde su advenimiento.

Los terrenos laborables de la isla eran propiedad de un distinguido particular que los tenía arrendados a varios colonos y que siempre se ha mostrado favorable a cualquier transacción que respetase en lo posible sus intereses. Pidieron primeramente los colonos de Ons que se aplicase a la isla la ley de Colonización, y cuando sus gestiones parecían que iban a dar buen resultado, se presentó el proyecto de ley de Reforma Agraria que dejaba en suspenso la primera. De conformidad con la nueva legislación, los vecinos de la isla presentaron el día 16 de enero del año actual en el gobierno civil una instancia en que se consignaban las antiguas aspiraciones de aquellos colonos en forma concisa y clara. La autoridad provincial se mostró favorablemente dispuesta respecto de los peticionarios; pero el tiempo pasa, han transcurrido dos meses y medio desde la presentación de la instancia y ésta sigue sin resolverse no obstante los buenos deseos del señor del Castillo o de los cuales los vecinos de Ons no han dudado un solo instante.

Además del problema de la tierra, que es el más trascendental, existen otros en la isla de Ons que

revisten también su importancia. Existe el sanitario, que aquellos colonos desean hacer ver personalmente al señor gobernador civil si éste se dignase delicarles la visita que le tienen interesada. Existe también el problema del puerto de acceso a la isla, que hoy resulta mezquino y punto menos que inaccesible. Si la isla de Ons no permanece completamente incomunicada con el mundo, se debe a la valentía con que sus moradores arriesgan muchas veces la vida para hacerse a la mar y a su costumbre de arrostrar los peligros y escabrosidades de aque los parajes.

Gracias a las gestiones de los diputados por esta provincia pertenecientes a la minoría radical, recientemente se consiguió una suma de poco más de cuarenta mil pesetas para arreglo y mejora del puerto.

Uno de los puntos que la comisión presidida por el Fernández Cambeiro deseaba tratar ayer con el gobernador era precisamente el de esta consignación, a toda luces insuficiente para el fin propuesto. Creen los vecinos de Ons que esas cuarenta mil pesetas se invertirán en su casi totalidad en los estudios técnicos y adquisición de los materiales más indispensables para el comienzo de la obra y que, apenas comenzada ésta, habrá de suspenderse por falta de dinero. Sería preciso, por lo menos, doblar la cantidad consignada con lo cual podría realizarse ya alguna labor práctica y emplear esa nueva suma en jornales para obreros contribuyendo así a llevar algunos pedazos de pan a los hogares de Ons formados por familias modestísimas a las cuales afecta también el terrible problema del paro forzoso.

Nosotros esperamos que el señor del Castillo, tan atento siempre a las reclamaciones de los necesitados, se tome con máximo cariño las peticiones de los isleños de Ons sobre las cuales insistiremos para contribuir en nuestra modesta esfera a que se les haga justicia.

## O SALGADOIRO DAS SUXESTIÓNS


Case dende a saída deste sinxelo xornal dixital, os lectores quixeron dar as súas ideas, propostas, consellos, indicacións,..., sobre algunhas das novas que saían. Eu, normalmente, ía contestándolles, pero coido que é de xustiza, sobre todo as que son de interese, o poñelas aquí, sen que iso dea pé a posteriores contestacións (isto non é Facebook). Polo que só porei aquelas que, coido, son de interese para os lectores. Non sairá o nome da persoa que a manda, agás que o pida expresamente, polo que porei a palabra <lector>, acompañada da referencia á nova que se refire e o Onstopus no que saíu.

### Sobre ONSTOPUS 15. “Unha homenaxe merecida”

Un lector, despois de ler a nova sobre a miña proposta de merecida homenaxe aos rapaces do Campo de Traballo de Ons dos anos 80 s.XX e ao seu director Suso Maquieira, envioume unha nota que dicía:

*“Non coñezo ao Sr. Maquieira, pero si vivín o titánico traballo que os rapaces do Campo de Traballo realizaban en Ons sufocando os incendios que todos os veráns xurdían. Eu, neses mesmos anos, formaba parte dun Campamento Evanxalista e tamén acudíamos a extinguir eses intolerables lumes, todos provocados, que, aparte de destruír completamente a vexetación da Illa, chegaban a converterse en moi perigosos para as persoas. Vivimos un, principalmente, que xurdiu preto do Castillo e, co vento que viña do Faro, foi chegando ata o noso Campamento, que se atopaba nos terreos de Sra. Elvira, muller de Checho, mesmo detrás do que hoxe son as dependencias de Parques que nós, daquela, utilizábamos de cociña e comedor. Menos mal que foi despois do xantar e que tivemos a sorte da chegada dun avión contra lumes, pois, do contrario, cos medios dos que se dispoñían daquela, non se daría controlado. Con isto quero dicir que o Campamento Evanxalista de Ons tamén axudou moito a apagar incendios na Illa de Ons”.*

Teño que recoñecer que tamén ese Campamento Evanxalista participou activamente na loita contra o lume na Illa. Á vez, recordo perfectamente ese lume do que fala, xa que participei en sufocalo e Miguel de Ourense (*Manzanitas*) inmortalizou o hidroavión lanzando auga na zona. Tamén o seu merecido homenaxe a este grupo Evanxalista.



### Sobre ONSTOPUS 15: “Noalla- Santa Compañía-Ons”

Ao noso informador de cabeceira da zona de Noalla, Fernando, da Nova Ponte, pareceulle a nova da Compañía e a súa relación coa Igrexa de Requeixo, moi boa pero moi escasa. Comenta: < *Que habería que tratar o tema moito máis en profundidade, xa que o asunto dá para moito nesta parroquia*>.

Dende logo a min, non o vou negar, é un tema que me encanta, sobre todo no relacionado coa Illa de Ons que, precisamente, a Compañía que visita Ons procede de Noalla, segundo contan os illáns, e de aí o meu interese en que se investigue o tema e se escriba del, sobre todo, para non perder ese mundo máxico da cultura popular.

Explicaba Fernando, que a Compañía de Noalla aparece, reúnese e xúntase no Cruceiro de Monte Faro:

*<Aínda hoxe alí fanse “misas” ou celébranse ritos para implorar e solicitar favores ás ánimas>*

Manifesta que despois de xuntarse ao redor do Cruceiro, teñen un percorrido:

*<Dende o Cruceiro, achéganse ao Adro de Noalla e dende alí van visitar a casa do que veñen buscar. De camiño visitan ás ánimas do Campo da Lanzada e, despois dun rato alí, percorren a costa ata Punta Faxilda.*

*Dende Punta Faxilda ou dos seus arredores, (quizais tamén dende a Igrexa de Requeixo) collen camiño cara a Illa de Ons e desembarcan no Centulo>*

Despois dunha larga charla con Fernando, animeino a escribir sobre o tema ou que alentara a algún/ha da zona a investigar, nós poríamos á súa disposición a revista cultural AUNIOS para a súa publicación, xa que o tema o require.

Polo de pronto comprometeuse a falar cunha persoa para que escribira sobre a interesante e descoñecida parroquia de Noalla e, a ver se así, hai quen se anime coa Compañía.

Quedamos á espera.